



BANDO

LIMPEZA DE TERREOS E PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

De conformidade co disposto na Ordenanza municipal reguladora da limpeza de terreos e protección contra incendios forestais (BOP núm. 58 de data 28 de marzo de 2016) e na **Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia**, os/as propietarios/as de toda clase de terreos e construcións deberán mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público, quedándolles expresamente prohibido manter neles lixo, residuos, cascallos ou maleza vexetal.

En consecuencia, en orde a previr e evitar o risco de incendios forestais, prégase **ós/ás propietarios/as de toda clase de terreos e construcións** que se atopen incumprindo a normativa de aplicación que **coa maior brevidade que lles sexa posible e en todo caso antes do 30 de xuño, procedan a adoptar as medidas de limpeza pertinentes ó obxecto de corrixir a situación existente.**

En caso contrario, poderase proceder, de oficio ou a instancia de parte, á iniciación do pertinente procedemento administrativo en orde a notificar ás persoas responsables a súa obriga de xestión da biomasa vexetal, advertíndolles da posibilidade de execución subsidiaria en caso de incumprimento, con repercusión dos custes ós mesmos, e sen prexuízo da instrución de procedemento sancionador que correspondese e da aplicación de multas coercitivas, no seu caso.

O que se fai público para xeral coñecemento,

Soutomaior, 14 de xuño de 2016.

O Alcalde,

Agustín Reguera Ocampo

